

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 13/10/2017 9:01:28
SAIDA 11303/17

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector Marítimo
Pesquero de Galicia – PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º dereita
15005 A CORUÑA

Reclamante: PLADESEMAPESGA

Expediente RSCTG 0041/2017 RSCTG 0042/2017 RSCTG 0043/2017

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamación presentadas ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta ás reclamación presentada pola Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia PLADESEMAPESGA, representada por D. Miguel A. Delgado González, mediante escritos do 02 de Maio de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A. Delgado González presentou, mediante escritos con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de maio de 2017, tres reclamacións en representación de PLADESEMAPESGA ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Conselleira de Política Social, Consellería do Mar e Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte (GAC- 3).

O interesado indicaba que tras reiteradas solicitudes de información sobre o proxecto de centro social previsto en Caión – Laracha o cal ten sido publicitado a través dos medios de comunicación non obtivo resposta por parte das Consellerías citadas nin do GAC3

Os escritos viñan acompañado dos seguintes documentos:

- Solicitude de 25 de marzo de 2017 presentada ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social (con Número de Entrada 2017/762880)
- Solicitude de 14 de marzo de 2017 presentada ante a Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Mar (con Número de Entrada 2017/633117)

- Solicitude de 14 de marzo de 2017 presentada ante o GAC.3 - Costa da Morte a través o Rexistro da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social (con Número de Entrada 2017/741663)

Segundo. Con data de 10 de maio de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado aos Consellerías do Mar, Política Social e Grupo de acción Costeira 3 para que, en cumprimento da normativa de transparencia, acheguen informe e copia completa e ordenada do expediente para os eu estudo por parte da Comisión.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de maio (Consellería do Mar) e 18 de maio (Política Social e GAC.3).

Terceiro. Con data de 6 de Xuño recibíuse o informe da Dirección Xeral de desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

O informe, en resumo, indicou que por parte da Administración e ante íntima conexión entre as solicitudes presentadas ante as consellerías se dispuxo a acumulación e se requiriu ao interesado que detallase a información obxecto da súa solicitude.

Que dito requirimento foi atendido con data 10 de abril e seguindo se recolle no mesmo a documentación solicitada é a seguinte:

- Copia completa do proxecto publicado do GAC para o solar da Insua a través do GAC3, dun centro Social para a confraría de Caión.
- Informe pormenorizado da partida económica dedicada pola consellería de forma directa á que o GAC fai referencia nas súas declaracións públicas ante os medios de comunicación.

O informe indica igualmente que, entre a documentación achegada polo solicitante recóllense múltiples cuestións e expresións á marxe do concepto de información pública que se atopa recollido no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, polo que non procede entrar a analizalos no marco desta solicitude.

Con data 1 de Xuño de 2017 recíbese informe da Consellería de Política Social, que en resume indicou ao seu entender o interesado non formulou ningunha solicitude de información relativa ao proxecto senón a solicitude reiterada de paralización do mesmo solicitando que se lle acheguen os documentos que xustifican dita paralización.

Xa que logo e malia ter utilizado un modelo normalizado de acceso a información pública o informe expón que a solicitude formulada non se xustifica coa finalidade da normativa de transparencia pois fai referencia de xeito reiterado a presuntas irregularidades e

“corrupcións” de ningún xeito xustificadas e carentes de calquera soporte material ou indiciario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Recurso e competencia para resolvelo.

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016 establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional 5ª da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo.- Procedemento.

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta lei 19/2013 sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro.- Dereito de acceso á información pública.

A Lei 1/2016 recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou

soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto.- Análise do expediente

Como queda dito a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública. As características para o exercicio do dereito de acceso á información son:

- Existir uns contidos ou documentos, non importa en que formato ou soporte, isto é, poden estar en papel ou ser electrónicos, de contido textual, gráficos, sonoros ou audiovisuais.
- Elaborados ou adquiridos por un órgano que sexa suxeito incluído no ámbito de aplicación da lei.
- Elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións propias e que deban ser custodiados, ou o que é o mesmo que obren no poder do suxeito a quen se lle solicitan.

No caso que nos ocupa, hai que estudar a solicitude e o suxeito ao que se lle reclama a información pública.

- Solicitude

Unha vez analizados o expedientes dedúcese que a información que se solicita é a Copia completa do proxecto publicado do GAC para o solar da Insua a través do GAC3.

De igual xeito o reclamante solicita reiteradamente os documentos que xustifican a necesaria paralización do proxecto e as presuntas irregularidades cometidas no mesmo se ben dita formulación carece de fundamento e calquera tipo de soporte formal.

- Suxeito ao que se lle reclama a información

No caso que nos ocupa o interesado entende que a información obra en poder tanto da Consellería de Política Social, a Consellería do Mar e o GAC3. Á vista da información transmitida polas Consellerías de Política Social e do Mar observase que existe unha solicitude

de información pública sen resposta referente a o proxecto do GAC-3 para a construción dun centro Social no porto de Caión a información orzamentaria e económica relativa ao mesmo.

ACORDO

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por Miguel A. Delgado González en nome e representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, PLADESEMAPESGA con data 2 de maio de 2017, contra a denegación da información referente a o proxecto e orzamento do GAC-3 para a construción dun centro Social no porto de Caión.

Segundo: Instar á Consellería do Mar e de Política Social e GAC-3, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Terceiro: Instar ás Consellería do Mar e de Política Social e GAC-3, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 9 de outubro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga



